

Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 29 de xaneiro de 2018 (PLENO 1/2018)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía por resolución 150/2018 de 24 de xaneiro, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria do Pleno** que terá lugar no Sala de sesións do concello de Carballo o **día 29 de xaneiro 2018 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber "quórum" suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Así mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Pleno

Data da sesión: 29-01-2018

Convocatoria: Sesión 1/2018

Hora: 20:30 h.

- 1.- Acta da sesión anterior (18/12/2017). Corrección erros. Aprobación.**
- 2.- Cuadro de persoal do Concello de Carballo para 2018. Desestimación alegacións. Aprobación definitiva. (CIFECRIC de 23/01/2018)**
- 3.- Modificación das ordenanzas fiscais do concello de Carballo (IBI, ICIO e IAE). (CIFECRIC de 23/01/2018)**
- 4.- Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores. Expediente 1/2018. Aprobación. (CIFECRIC de 23/01/2018)**
- 5.- Modificación do orzamento xeral da Corporación para 2018. Crédito extraordinario 1/2018. Aprobación. (CIFECRIC de 23/01/2018)**
- 6.- Convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o Instituto Xeográfico Nacional, a FEGAMP os concellos de Arteixo, Carballo, Ferrol, Oleiros, Lugo, Ourense, A Guarda, Pontevedra, Sanxenxo e Tui para a obtención de imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas. (CIFECRIC de 23/01/2018)**
- 7.- Convenio tipo de colaboración para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixilantes municipais. Encomenda de xestión. Aprobación. (CIFECRIC de 23/01/2018)**
- 8.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada nº 201890000000310 de 17 de xaneiro relativa á rúa Severo Ocho. (CIPUM de 23/01/2018)**

9.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada nº 201890000000362 de 19 de xaneiro, sobre a mellora da seguridade e visibilidade nos pasos de peóns.

10.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada nº 201890000000437 de 23 de xaneiro, sobre incrementar o gasto social.

11.- Seguimento de órganos de goberno:

11.1.- Resolucións da Alcaldía.

11.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local

11.3.- Rogos e preguntas

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario
D. José Villán Fuertes